

A photograph of a crowded city street at night, likely in Japan, with many people and brightly lit signs. The scene is vibrant and captures the energy of a busy urban environment.

4. A demográfia

Para comezar

- Sabes en que consiste a política do fillo único en China? Por que, tras trinta anos, deixou de se aplicar en 2016?
- Sabías que no mundo somos máis de sete mil millóns de persoas? Paréceche moita ou pouca xente?
- Seguirá crescendo ese número? E se crece, haberá recursos para que todos poidamos levar unha vida digna?

Unha repartición desigual

No planeta viven máis de sete mil millóns de persoas. Moitas delas xúntanse nas 25 áreas metropolitanas que no mundo teñen máis de dez millóns de habitantes, mentres que, os grandes desertos, selvas tropicais e as zonas polares, están practicamente despoboadas.

Nalgunhas partes do planeta a poboación e a esperanza crece pero, mentres tanto noutras, a igualdade de oportunidades descende. Podemos usar os datos para facernos unha idea do mundo e tratar de axudar a resolver o problema?

O noso proxecto



O noso proxecto

Sabemos xa que na Lúa ou en Marte poderían darse as condicións adecuadas para trasladarmos a civilización humana no caso de que a vida na Terra fose imposible. Por se acaso, non estaría mal que vos encargádeses de crear un plan B para os habitantes da Terra.

Comezamos a investigar as posibilidades e xeitos de vida noutros planetas.

- **Dous grupos** encargaranse de identificar exoplanetas; é dicir, planetas fóra do Sistema Solar, que tamén puidesen ser habitables. A continuación, describide nunha cuña de radio as **características deses planetas**, que é o que os fai **semellantes á Terra** e que **inconvenientes presentan** para a súa colonización.
- Outros **dous grupos** deberán identificar as **necesidades** da **poboación** que se **vaia trasladar** a outro planeta. Elaborade un conxunto de advertencias para estes viaxeiros espaciais e grave unha pequena cuña radiofónica para os vosos oíntes.
- Os últimos **dous grupos** imaxinarán que posúen empresas que se adican ao traslado de persoas ao espazo: ocúpense tanto da viaxe como da mudanza e **instalación das persoas** nos novos planetas. Elaborarán anuncios de radio publicitando as súas compañías. Traballade coas ligazóns que se ofreceron aos demais grupos para saber que podedes ofertar aos vosos clientes.

Aquí tes un documento para avaliar o teu traballo e o do teu grupo.

A evolución da poboación mundial

A evolución da poboación mundial

«O tamaño sen precedentes da nosa poboación é un éxito da humanidade: as persoas teñen vidas máis longas e saudables. Mais non todos se beneficiaron con ese adianto nin coa máis alta calidade de vida que entraña. Persisten grandes disparidades entre países e dentro dun mesmo país. Tamén hai disparidades en canto aos dereitos e oportunidades de que dispoñen homes e mulleres, nenas e nenos. É máis importante que nunca marcar un sendeiro de desenvolvemento que reduza a desigualdade».

ONU. *Estado da Poboación Mundial*, 2011.


No ano 2011 a poboación mundial acadou os **7000 millóns** de habitantes. Ao iniciarse o ano 2020 estaba a piques de superar os 7800 millóns. Para o ano 2024 espérase que sobrepase os 8000 millóns. Cada segundo morren dúas persoas, mais son catro os bebés que nacen. Ao ritmo actual, a poboación mundial **duplicaríase cada 50 anos**.

A realidade é que até o século XVIII a poboación medraba moi lentamente. Non era raro que as familias tivesen seis ou sete fillos, ou incluso máis de dez. Porén, pouco máis da metade dos nenos chegaban aos quince anos de vida. Desta maneira, a elevada mortalidade compensaba a natalidade.

Nos séculos XVIII e XIX o crecemento da poboación comezou a acelerarse. Os inicios da industrialización e os primeiros **avances sanitarios** –as vacinas, o control das pestes, etc.– **reduciron a mortalidade**. Neses dous séculos, a poboación case se multiplicou por tres: pasou de 600 a máis de 1600 millóns.

Durante o **século XX** produciuse a **explosión demográfica**: a poboación multiplicouse por catro neses cen anos. Foi entón cando moitos expertos comezaron a falar de que o noso mundo podería ter un problema de **superpoboación**.

Poboación mundial (Unidade: millóns)
Crecemento da poboación mundial por continentes, 1950-2050.



Crecemento da poboación mundial por continentes (1950-2050). Fonte: ONU


Que sucederá no futuro? O crecemento estase **desacelerando desde 1990**. Nos países do **Primeiro Mundo** hai xa máis de cincuenta anos que as familias son moi reducidas: a maioría delas teñen como moito un ou dous fillos, e cada vez son máis os países que mostran este tipo de comportamentos.

A ONU prevé que a **finais do século XXI** haberá poucos máis nacementos que mortes. Para entón, espérase que a poboación se estanque arredor dos 11 000 millóns de persoas.



Sabías que...?

Segundo a ONU, máis de 815 millóns de persoas pasan fame no mundo. Isto quere dicir que non inxiren as 2000 quilocalorías diarias que a ONU considera necesarias para unha nutrición adecuada. A décima parte vive en países do chamado primeiro mundo: o resto, en países en vías de desenvolvemento ou subdesenvolvidos.



Persoas desnutridas por continentes (2017). Fonte: FAO

Segundo moitos expertos bastaría distribuír equitativamente os alimentos para eliminar a fame. Na súa opinión, a Terra ten recursos suficientes como para alimentar a 12 000 millóns de persoas.

A poboación do mundo por continentes e estados

Seis de cada dez persoas viven en **Asia**, o continente máis poboado. Só entre a China e a India suman 2600 millóns de persoas, e mentres na India a densidade de poboación é altísima, na China a poboación concéntrase na costa e amplos espazos do interior do país permanecen despoboados.

Millóns de habitantes por continentes e países no

Continente	Poboación	País máis poboado	Segundo país
Asia	4462	China (1380)	India (1331)
África	1196	Nixeria (191)	Etiopía (93)
América	996	EE. UU. (325)	Brasil (207)
Europa	745	Rusia (146)	Alemaña (82)
Oceanía	40	Australia (24)	N. Celandia (4,7)

Só unha de cada cinco persoas vive en países do primeiro mundo. O terceiro mundo non só **está máis poboado**, senón que se prevé que manteña altos niveis de crecemento da poboación até, polo menos, mediados de século.

Segundo os cálculos da ONU, África podería chegar aos **4000 millóns** de habitantes contra o ano 2100. Asia, pola súa banda, moderaría o seu crecemento para ficar nuns 5500 millóns.



Sabías que...?

En Europa, Oceanía e o Caribe sobreviven algúns dos estados independentes con menor

poboación do mundo.

No caso de Europa trátase de pequenos estados formados na Idade Media que sobreviviron á conformación dos grandes estados nacionais.

- O **Vaticano** é o estado menos poboado do mundo: 900 persoas viven nos seus 0,5 km². Outros estados pequenos na rexión son San Marino, Liechtenstein ou Mónaco. Todos eles andan polos 35 000 habitantes.



Unhas cen persoas viven na illa de Wake, territorio estadounidense a medio camiño entre Hawaii e o Xapón.

- No caso de **Oceanía** trátase de arquipélagos illados no Océano Pacífico. Nauru e Tuvalu son os estados menos poboados, cuns 10 000 habitantes cada un.
- No **Caribe** toda unha serie de pequenos estados dispóñense ao longo das Antillas menores: Saint Kitts e Nevis teñen 40 000 habitantes, os estados de Dominica e Antigua e Barbuda dobran esta cifra.

Realmente, o territorio con menor poboación do mundo son as **Illas Pitcairn**, un arquipélago do Pacífico pertencente a territorio británico, a medio camiño entre Australia e América do Sur, en cuxos 47 km² vivían unhas 55 persoas no 2015.

Actividades

1. Escolle a resposta correcta.

a. A explosión demográfica é...

- O desmesurado crecemento da poboación mundial que se está a producir no século XXI.
- O desmesurado crecemento da poboación mundial que se produciu no século XX.
- O lento crecemento da poboación nas sociedades preindustriais.

b. A superpoboación é un problema porque...

- Non hai un repartición adecuada dos alimentos.
- Pode causar serios danos ao medio ambiente.
- Ambas son correctas.

c. Segundo as previsións, a poboación mundial dentro de cen anos...

- Diminuirá.
- Aumentará lixeiramente.
- Será igual que na actualidade.

d. O continente máis poboado na actualidade é...

- Asia.
- Europa.
- África.


e. O continente máis poboado no ano 2100 será:

- Europa
- Asia, aínda que África se lle achegará moito.
- África.

f. No primeiro mundo...

- Viven máis persoas que no terceiro mundo.
- Viven as mesmas persoas que no terceiro mundo.
- Viven moitas menos persoas que no terceiro mundo.

2.




Velaquí unha gráfica sobre as previsións que a ONU manexa sobre a poboación do planeta no 2100.

A continuación, escolle a previsión que máis che guste (alta, media ou baixa) e escribe un relato de 200 palabras como máximo explicando como imaxinas que sería o mundo no 2100 con esa poboación.

Non poñas límite á túa imaxinación, mais no teu relato debes:

- Deixar claro cal foi o ritmo de crecemento ou decrecemento da poboación empregando datos da gráfica.
- Precisar como se distribúe a poboación no planeta e as súas repercusións sobre o benestar humano e o medio ambiente.
- Empregar estas palabras obrigatoriamente, que podes consultar no Glosario da unidade:
 - Densidade de poboación
 - Natalidade
 - Mortalidade
 - Esperanza de vida
 - Superpoboación

- Explosión demográfica
- Crecemento (ou decrecemento) demográfico



Sabías que...?

Desde o inicio da pandemia da Covid-19 a finais de 2019, ata setembro de 2020, morreron en todo o planeta case un millón de persoas afectadas por este virus.

Aínda que é unha cantidade moi elevada e non sabemos canto se seguirá incrementando no futuro, a epidemia terá pouco impacto na demografía mundial. Pensa que, ao longo do ano 2020, calcúlase que morrerán uns 60 millóns de persoas, aínda contando as persoas falecidas pola Covid-19. Pola contra, estímase que nacerán arredor de 140 millóns de nenas e nenos.

Desta maneira, ao final do ano, a poboación **mundial incrementárase en 80 millóns de habitantes.**



Tamén debemos ter en conta que a Covid-19 non é, nin de lonxe, a enfermidade contaxiosa máis mortífera da historia. Ao final da Idade Media estímase que a **Peste Negra** matou, como mínimo, 30 millóns de persoas, sobre unha poboación moitísimo máis reducida. Pola súa banda, estímase que o virus da sida matou, entre 1980 e 2010, un mínimo de 25 millóns de persoas.


3. Abre o [cronómetro](#) da poboación mundial e anota no teu caderno a poboación total do mundo que rexistre, xunto coa data. Cando remates a unidade volverás facer o mesmo e verás canto aumentou a cifra.

A distribución da poboación mundial

A pesar do crecemento que a poboación mundial rexistrou nos últimos douscentos cincuenta anos, na Terra seguen a predominar os espazos deshabitados.

Coa industrialización, as cidades absorberon a explosión demográfica do século XX; de feito, máis da metade da poboación mundial vive en espazos urbanos, mentres amplos espazos do planeta continúan baleiros.

A densidade de poboación é maior no primeiro mundo. Europa, a costa oeste e leste dos Estados Unidos, a costa sueste de Australia ou os países do Extremo Oriente – Corea do Sur, Xapón, Taiwán, Singapur– teñen densidades de poboación superiores a 100 habitantes/km².





Sabías que...?

- O cálculo de densidade da poboación non depende do número de habitantes dun país, senón que depende da relación entre o número de persoas e o número de km² que ocupan.

Para calcular a densidade de poboación existe unha fórmula:

$$\text{Densidade de poboación} = \frac{\text{Número de habitantes}}{\text{Superficie (en km}^2\text{) que ocupan}}$$

A Terra, por exemplo, tiña en 2020 unha poboación duns 7800 millóns persoas. A superficie dos continentes é de 150 millóns de km². Logo a densidade de poboación do planeta aproximábase aos 52 hab/km².

$$\text{Densidade de poboación da Terra} = \frac{7800\ 000\ 000}{150\ 000\ 000} = 52\ \text{hab} / \text{km}^2$$

Por iso abundan as áreas do terceiro mundo con altas densidades de poboación. A ribeira do río Nilo, América Central, as costas de Brasil e o Río da Prata en Arxentina, o Magreb, o Golfo de Guinea e o sueste asiático exceden claramente os 100 hab/km².

Mesmo no interior dalgunha desas áreas, como nas ribeiras do Ganxes ou do Yangtsé, a densidade de poboación pode achegarse aos 1000 hab/km².

Agora ben, como dicíamos ao principio, no mundo predominan os **espazos**

despoboados:

- Todas as áreas situadas en **latitudes polares** (Alaska, o norte de Canadá, Groenlandia, Siberia) teñen densidades de poboación inferiores a 1 hab/km². No caso da Antártida, non houbo nunca poboación permanente: na actualidade uns poucos miles de científicos traballan en proxectos de investigación nese continente.
- Nas **latitudes tropicais**, con desertos como o do Sahara ou o do Kalahari, as densidades non son moito maiores. Nas selvas ecuatoriais, como o Amazonas, e as zonas montañosas, como a Cordilleira do Himalaia, a densidade é de novo inferior a 1 hab/km².



Sabías que...?

A **cidade amurallada de Kowloon**, un barrio no corazón de Hong Kong, contaba cunha densidade de poboación próxima aos 2 000 000 hab/km². Cincuenta mil persoas vivían en algo máis de 0,25 km². Foi demolida en 1993.



A cidade amurallada de Kowloon no medio da trama urbana de Hong Kong

Esta distribución tan irregular da poboación non é caprichosa, senón que obedece aos **recursos** que cada zona ofrece aos seus moradores:

- No **primeiro mundo**, a alta densidade de poboación explícase polas boas condicións sanitarias e educativas, e, sobre todo, pola demanda de traballadores en empresas que ofrecen unhas boas condicións laborais.
- No **terceiro mundo**, a alta densidade de certas áreas relaciónase cunha elevada natalidade e áreas rurais moi pobres: a poboación trasládase en masa ás cidades para ver de mellorar a súa situación económica.
- Nas **latitudes polares**, as baixas temperaturas explican porque apenas contan con poboación; ademais, o desenvolvemento da agricultura é imposible nestas áreas.
- Nos **desertos** é a falta de auga a que imposibilita a agricultura e polo tanto o

desenvolvemento.

- Nas **selvas ecuatoriais**, o exceso de chuvia e humidade estraga os solos e os cultivos.
- Nas **zonas montañosas**, as dificultades para o transporte entorpecen o comercio e empobrecen os seus habitantes.


A pesar dos problemas que esta distribución xenera, é difícil pensar nunha repartición máis regular. Canto máis poboada está unha área, máis aumenta o seu atractivo, pola demanda de traballadores e os servizos que ofrecen.

Nestas áreas máis poboadas é maior a **posibilidade de ascenso social**; é dicir, que as persoas poidan aumentar o seu nivel de ingresos. Tamén se crean boa parte dos **avances científicos e tecnolóxicos** que caracterizan a economía actual.


As áreas menos poboadas, pola contra, tenden a perder servizos e infraestruturas, polo que se fan aínda menos atractivas. Porén, moitas persoas poden pensar que a calidade de vida é mellor nestas áreas. En efecto, adoitan ter menos problemas medioambientais, de delincuencia ou de circulación que as áreas máis poboadas. Así mesmo, as desigualdades de riqueza entre os seus habitantes son tamén menores.

Actividades

1. Relaciona as zonas máis poboadas do planeta co número que lles corresponde no mapa.



2. Relaciona as zonas menos poboadas do planeta co número que lles corresponde no mapa.



- Alaska. 1
- Groenlandia. 2
- Siberia. 3
- Antártida. 4
- Amazonas. 5

Sahara.

6

Kalahari.

7

3. En grupos de entre 3 e 4 alumnos, accedede á [listaxe](#) de territorios segundo a densidade de poboación e escollede:

1. Cinco territorios cunha alta densidade de poboación (máis de 100 hab/km²).
2. Cinco territorios cunha densidade de poboación media (entre 50 e 100 hab/km²).
3. Cinco territorios cunha densidade de poboación baixa (entre 25 e 50 hab/km²).
4. Cinco territorios cunha densidade de poboación moi baixa (menos de 25 hab/km²).

Tratade de explicar as razóns que fan que ese territorio teña os datos de densidade de poboación sinalados.

Os movementos naturais da poboación mundial

Os indicadores demográficos básicos

Os **movementos naturais** estudan as variacións no número de habitantes dun territorio debidas ao ciclo vital das persoas; é dicir, os nacementos, as mortes, a lonxevidade, etc. Agrupando a poboación dun territorio por idade e sexo podemos atender mellor as súas necesidades.

Para estudar o movemento natural da poboación recorreremos aos indicadores demográficos, que son os conceptos -neste caso taxas- que nos permiten medir a evolución dunha poboación ao longo do tempo: natalidade, mortalidade, esperanza de vida, etc.

Habémonos fixar nos seguintes indicadores demográficos:



Sabías que...?

As taxas demográficas adoitan expresarse en «tantos por mil». O seu símbolo é este (‰).

Deste xeito, cando dicimos que houbo un 22‰ de nacementos, por exemplo, queremos dicir que por cada 1000 habitantes, naceron 22 máis.

Taxa de natalidade

A taxa de natalidade fai referencia ao número de nacementos que se rexistran nunha determinada poboación por cada mil habitantes ao longo dun ano. Para calculala só temos que aplicar a seguinte fórmula:

$$\frac{\text{Nacementos nun ano} \times 1000}{\text{Poboación total dese mesmo ano}} = \text{‰}$$

No ano 2014 houbo en Galicia 19 559 nacementos e unha poboación de 2 748 695 persoas, polo tanto a súa taxa de natalidade foi a seguinte:

$$Tn \text{ Galicia } 2014 = \frac{19\,559 \times 1000}{2\,748\,695} = 7,12\text{‰}$$

Falamos dunha taxa de natalidade alta se supera o 30‰, media entre o 30-15‰, e baixa cando é inferior ao 15‰.

Índice de fecundidade

O índice de fecundidade é o número medio de fillos por muller en idade fértil (entre os 15 e os 50 anos). Podemos calculala coa seguinte fórmula:

$$\frac{N^{\circ} \text{ de nacementos nun ano} \times 1000}{N^{\circ} \text{ de mulleres entre 15 e 50 anos (idade fértil)}} = \text{‰}$$

Velaquí os cinco estados con maior e menor taxa de fertilidade do mundo no ano 2013.

País	Fillos por muller
Países con maior taxa de fertilidade	
Níxer	7.6
Somalia	6.6
Mali	6.3
Chad	6.3
Angola	6.2
Países con menor taxa de fertilidade	
Portugal	1.3
Bosnia Herzegovina	1.3
Singapur	1.2
Corea do Sur	1.2
Hong Kong	1.1

Taxa de mortalidade

A taxa de mortalidade é o número de falecidos dunha poboación por cada mil habitantes ao longo dun ano. Calcúlase coa seguinte fórmula:

$$\frac{\text{Defuncións nun ano} \times 1000}{\text{Poboación total nese mesmo ano}} = \text{‰}$$

No ano 2014 morreron en Galicia 29 687 persoas dunha poboación de 2 748 695 persoas, polo tanto a súa taxa de mortalidade foi a seguinte:

$$Tm \text{ Galicia } 2014 = \frac{29\,687 \times 1000}{2\,748\,695} = 10,80\text{‰}$$

A taxa de mortalidade é alta se supera o 30‰; media entre o 25-15 ‰; e baixa cando é inferior ao 15‰.

Crecremento natural

O crecremento natural é a diferenza entre os nacementos e os falecementos dunha poboación ao longo dun ano. Se queremos coñecer o crecremento poboacional dunha zona, só temos que aplicar a seguinte fórmula:

$$\frac{N^{\circ} \text{ Nacementos nun ano} - N^{\circ} \text{ Mortes nun ano} \times 1000}{\text{Poboación total no mesmo ano}} = \text{‰}$$

No ano 2014, en Galicia, a taxa de natalidade foi dun 7,12% (19 559 hab.), mentres que a taxa de mortalidade foi do 10,80% (29 687 hab.); polo tanto, a taxa de crecremento natural foi de:

$$Cn \text{ en Galicia } 2014 = \frac{(19\,559 - 29\,687) \times 1000}{2\,748\,695} = -3,68\text{‰}$$

Dependendo do resultado falamos de 3 tipos de crecremento:

- Crecremento **positivo**, cando é maior o número de nacementos que o de mortes.
- Crecremento **negativo**, se é maior o número de defuncións que o de nacementos.
- Crecremento **cero**, se é igual o número de nacementos que o de defuncións.

Taxa de mortalidade infantil

A taxa de mortalidade infantil é o número de nenos de menos dun ano que morren no primeiro ano de vida nun territorio por cada mil habitantes ao longo dun ano.

$$\frac{N^{\circ} \text{ Defuncións de menores dun ano} \times 1000}{N^{\circ} \text{ Nacementos nun ano}} = \text{‰}$$

En Galicia, no ano 2014, morreron 39 nenos e naceron 19 559; polo tanto, a taxa de mortalidade infantil foi a seguinte:

$$TMInf \text{ Galicia } 2014 = \frac{39 \times 1000}{19\,559} = 1,99 \text{ ‰}$$


A taxa de mortalidade infantil é alta se supera o 150‰, media entre o 150-25‰, e baixa se é inferior ao 25‰.

Esperanza de vida

A esperanza de vida é o número de anos que se espera que viva unha persoa nunha poboación determinada.

Velaquí un gráfico coa representación da esperanza de vida en España por xénero e idade, desde o ano 1900 ata o ano 2013.

Evolución da esperanza de vida en España



Fonte: INE



Sabías que...?

O índice de fecundidade das mulleres galegas é dos máis baixos do mundo. No ano 2013 estaba en 1,05 fillos por muller en idade fértil. Con todo, estes números eran mellores que os de 2002, cando se situaron en 0,95 fillos por muller.

Pola contra, en países do terceiro mundo como Níxer, a media anda nos 7 fillos por muller. Nestes países o gran problema é a mortalidade infantil. De cada 1000 nenos, 100 morren antes de chegar ao primeiro ano de vida; outros 150 antes de facer cinco anos.

Estes indicadores mudaron moito ao longo do tempo. Son tamén moi diferentes entre países: na actualidade, os países do primeiro mundo e os do terceiro mundo teñen indicadores moi contrastados entre si.

En todo caso, os comportamentos demográficos dunha sociedade responden sempre a un destes tres **modelos demográficos**: o tradicional, o de transición e o moderno.

Os modelos demográficos

O modelo demográfico antigo

O **modelo demográfico antigo** é típico das sociedades preindustriais. Caracterízase por taxas de natalidade bastante elevadas, que son contrarrestadas por taxas de mortalidade tamén altas.

A alta natalidade é debida á falta de sistemas para controlala ou á consideración dos fillos como man de obra para as familias; a alta taxa de mortalidade é debida ás malas condicións de hixiene e saúde, á fame, ás guerras, etc.

Estes son os indicadores deste modelo:

- **Taxa de natalidade alta:** superior ao 30‰.
- **Índice de fecundidade alto:** superior a 5 fillos por muller.
- **Taxa de mortalidade alta:** superior ao 25‰, onde son frecuentes os episodios de **mortalidade catastrófica** (períodos pequenos de tempo nos cales se multiplica a taxa de mortalidade normal debido a epidemias ou guerras).
- **Taxa de mortalidade infantil alta:** superior ao 200‰.
- **Cremento natural baixo:** inferior ao 10‰. Temos que ter en conta que son frecuentes as perdas de poboación causadas polas mortalidades catastróficas.
- **Esperanza de vida:** inferior aos 45 anos.

Indicadores demográficos de **Níxer**, 1981. Fonte: Banc

Taxa de natalidade	50‰
Índice de fecundidade	7,7 fillos por
Taxa de mortalidade	25‰
Taxa de mortalidade infantil	135‰
Esperanza de vida	40 anos

O modelo demográfico de transición

Na actualidade non existe ningún país que manteña o modelo demográfico antigo. Os países desenvolvidos comezaron a abandonalo no século XVIII, cando se reduciu a mortalidade cos primeiros avances médicos. Os países subdesenvolvidos abandonárono a finais do século XX.

Na actualidade os países subdesenvolvidos e os países en vías de desenvolvemento están no **modelo demográfico de transición**. Este modelo caracterízase pola redución progresiva da natalidade e a mortalidade, ata desembocarmos no seguinte modelo demográfico, o moderno.

Os indicadores propios do réxime demográfico de transición son os seguintes:

- **Taxa de natalidade:** mantense alta nos primeiros anos, por enriba do 25‰ e despois descende con rapidez, ata situarse por debaixo do 15‰.

- **Índice de fecundidade:** mantense alto nun principio, superior a 4 fillos por muller. Despois descende con rapidez e sitúase en menos de 2,5 fillos por muller.
- **Taxa de mortalidade:** descende con forza desde o principio do período. A mediados do modelo xa se sitúa en menos do 15‰. Os episodios de mortalidade catastrófica son cada vez menos frecuentes e rematan por desaparecer por completo.
- **Taxa de mortalidade infantil:** redúcese de maneira constante. A inicios do período sitúase no 150‰; a finais, está por debaixo do 20‰.
- **O crecemento natural** é moi alto. Neste período pode acadar valores do 20 e do 30‰. Ao final do período anúlase, pois natalidade e mortalidade aproxímanse.
- **A esperanza de vida:** medra con moitísima forza ao longo de todo o período. Acaba por sobrepasar os 75 anos.

Indicadores demográficos de **Bolivia**, 1981 e 2011. Fonte: Banco Mundial

	1981	2011
Taxa de natalidade	40‰	25‰
Índice de fecundidade	5,6 fillos por muller	3,1 fillos por muller
Taxa de mortalidade	16‰	8‰
Taxa de mortalidade infantil	110‰	35‰
Crecedemento natural	24‰	13‰
Esperanza de vida	50 anos	67 anos

O modelo demográfico moderno


O modelo **demográfico moderno** é propio das sociedades do primeiro mundo. Estes son os seus indicadores:

- **Taxa de natalidade:** baixa, atópase arredor do 10‰. Neste período descende debido á incorporación da muller ao traballo e ao uso de anticonceptivos.

- **Índice de fecundidade:** baixo. É inferior a 2 fillos por muller.
- **Taxa de mortalidade:** baixa, arredor do 10‰, aínda que a poboación é vella.
- **Taxa de mortalidade infantil:** moi baixa, inferior ao 5‰.
- **Crecedemento vexetativo:** moi baixo, raramente supera o 5‰. En moitos lugares pode mesmo ser negativo; é dicir, **morren máis persoas das que nacen**.
- **Esperanza de vida:** superior aos 75 anos, aínda que en bastantes países **supera** os 80 anos.

Taxa de natalidade

Número anual de nacementos durante un ano por cada 1000 persoas. Reino Unido, Alemaña, Francia.



Indicadores demográficos de **Alemaña**, 1981 e 2011. Fonte: Banco Mundial

	1981	2011
Taxa de natalidade	11‰	8‰
Índice de fecundidade	1,4 fillos por muller	1,4 fillos por muller
Taxa de mortalidade	12‰	10‰
Taxa de mortalidade infantil	12‰	3‰
Crecedemento natural	-1‰	-2‰
Esperanza de vida	73 anos	81 anos

Os comportamentos demográficos: causas e consecuencias

Os comportamentos demográficos non son casuais. As persoas a miúdo poden decidir o número de fillos que queren ter ou a idade á que desexan ser pais; por outro lado, as persoas con hábitos de vida saudables adoitan ser máis lonxevas.

Por que no **modelo demográfico antigo** o número de fillos por muller era moi elevado? Tratábase de sociedades nas que non existían métodos anticonceptivos fiables ou non estaban ao alcance de toda a poboación.

Por outra parte, como moitos cativos morrían nos primeiros anos de vida, os pais víanse na obriga de teren moitos fillos para garantir a descendencia. Eses fillos comezaban moi cedo a traballar cos pais (case sempre antes dos dez anos): máis fillos significaban máis ingresos para a familia.

A medida que as sociedades se industrializaron apareceron métodos **anticonceptivos**

moi seguros e baratos. O **custo dos fillos** multiplicouse, non só porque cada vez consideramos necesarias máis comodidades, senón porque os rapaces prolongan moito os seus estudos: son moi poucos os que comezan a traballar antes dos vinte anos.


Nas sociedades modernas, ademais, ambos proxenitores adoitan **traballar fóra da casa**, polo que se fai máis complicado organizar a vida familiar.

A **redución da mortalidade** débese sobre todo aos **avances sanitarios**. Non é só que se perfeccionasen os medicamentos ou a cirurxía, senón que o acceso á medicina considérase un dereito universal. Deste xeito, moitas enfermidades que eran mortais hai douscentos anos cúranse hoxe con facilidade.

A diferenza nos comportamentos demográficos ten efectos moi diferentes nos distintos países. O alto índice de **envellecemento** dos países desenvolvidos obrígaos a investir moito diñeiro na atención das persoas maiores (pensións de xubilación, gasto sanitario, etc). A baixa natalidade provoca que en ocasións sexa difícil cubrir determinados postos de traballo, en especial os de inferior cualificación.

O primeiro mundo necesita recorrer á inmigración procedente do terceiro mundo. O alto crecemento natural destes países, combinado co seu baixo nivel de desenvolvemento, fai que amplos sectores da poboación non teñan suficientes recursos para sobrevivir. A alta porcentaxe de poboación infantil dificulta que se lles poida proporcionar a atención sanitaria e educativa que precisan.

Poboación por grupos de idade no Reino Unido



Fonte: Office for National Statistics. Reino Unido.

Poboación por grupos de idade no Reino Unido

As pirámides de poboación

Unha pirámide de poboación é un **gráfico de barras no que se distribúe a poboación en función do sexo** –os varóns á esquerda e as mulleres á dereita– **e a idade** – grupos de cinco en cinco anos–.

As pirámides de poboación permítenos ver indicadores demográficos, como os grupos de idade predominantes ou a evolución das taxas de natalidade e mortalidade nunha poboación.

As pirámides compóñense de 3 partes:

- **Base da pirámide:** onde se sitúan as persoas entre 0-14 anos (poboación infantil).
- **Tronco da pirámide:** onde atopamos as persoas entre os 15 e os 64 anos (poboación adulta).
- **Cúspide da pirámide:** onde están representados aqueles de máis de 65 anos (Poboación anciá).


Ademais, segundo a súa forma, as pirámides de poboación corresponden a catro tipos básicos:

Expansiva

Ten forma de triángulo. É típica dos territorios do modelo demográfico antigo. A base ancha indica unha **alta natalidade**. Porén, como a mortalidade é tamén alta, a medida que ascendemos nos grupos de idade, a pirámide estréitase.

Polo tanto, neste tipo de pirámide predomina a poboación infantil, que pode chegar a ser o 50% do total. A poboación anciá, en cambio, non supera o 5% .

Nixeria 1981




Estacionaria

Ten unha forma que pode asociarse a unha campá. É típica dos territorios do **modelo demográfico de transición**.

Nesta pirámide, os grupos de idade infantil e idade adulta están bastante igualados, síntoma dunha natalidade en redución. A poboación anciá achégase ao 10%, debido ao aumento da esperanza de vida.

Brasil 2012




Decrecente

A súa forma pode asociarse a unha cebola: ancha na poboación adulta estreitándose suavemente nos outros dous grupos. Correspóndese co **modelo demográfico moderno**.

A base é moi estreita, a causa dunha forte redución da natalidade. A poboación anciá, que adoita superar o 15%, é tan abundante ou máis que a poboación infantil.


Xapón 2014



Invertida

Aseméllase a un triángulo coa cúspide cara abaixo. Neste tipo de pirámide predominaría a poboación por enriba dos 50 anos, mentres que a presenza de poboación infantil e adultos novos sería testemuñal.

Ningún territorio do mundo experimentou aínda esta pirámide. Os expertos supoñen que esta podería ser a pirámide dos **países desenvolvidos dentro de trinta anos** de continuaren os actuais comportamentos demográficos.



Actividades

1. Crea a túa propia pirámide de poboación no teu caderno.

Podes traballar cos datos de poboación de España, dunha comunidade ou dunha

provincia. Na páxina do Instituto Galego de Estatística podes obter os datos do teu [concello](#), se o prefires.

2. Procura en Internet pirámides de poboación que representen cada un dos tipos de pirámides que estudaches. Fai unha galería de fotografías ou unha presentación con elas.

As pirámides de poboación que tomes teñen que ser de distintos continentes.

3. Nesta [aplicación](#) podes consultar a evolución das pirámides de poboación do mundo e dos distintos estados desde 1950. Tamén podes ver as previsións ata 2100.

Procura un estado que atravesese ou vaia atravesar os tres réximes demográficos nos anos que a animación recolle. Marca os períodos que corresponden a cada un dos réximes, sempre razoando a túa resposta con varios indicadores demográficos.

Ten en conta que a aplicación permite consultar moitos indicadores ademais das pirámides de poboación.

4. En grupos, buscade noticias nos medios de comunicación que se refiran aos movementos naturais.

A continuación elaborade unha galería con elas e presentádeas aos vossos compañeiros.

Seravos doado atopar novas que falen da evolución da natalidade e da mortalidade nos países desenvolvidos. Por iso, asegurádevos que tamén hai novas sobre outros indicadores demográficos e outras áreas do mundo.

5. Na seguinte táboa aparecen a poboación total, os nacementos e as defuncións de Italia, Colombia e Turquía no 2013.

- a. Calcula a taxa de natalidade, mortalidade e o crecemento natural de cada un destes estados.
- b. Asigna un réxime demográfico a cada un deles.

	Italia	Colombia	Turquía
Poboación	60 782 668	47 121 000	600 744
Nacementos	514 308	649 742	1 283 062
Defuncións	600 744	191 880	372 094
Taxa de natalidade (‰)			
Taxa de mortalidade (‰)			
Crecedemento natural (‰)			
Réxime demográfico			

6. Relaciona cada rasgo co seu réxime demográfico.

- 1 Crecemento natural moi baixo ou nulo
- 2 Mortalidade baixa
- 3 Esperanza de vida inferior a 45 anos
- 4 Poboación infantil arredor do 30% da poboación total
- 5 Pouca frecuencia de mortalidades catastróficas
- 6 Elevada mortalidade infantil
- 7 Mortalidade en redución
- 8 Mortalidade alta
- 9 Envellecemento da poboación

Os movementos espaciais da poboación mundial



Sabías que...?

Declaración Universal dos Dereitos Humanos, 1948. Artigo 13:

1. «Toda persoa ten dereito a circular libremente e a elixir a súa residencia no territorio dun Estado.»
2. «Toda persoa ten dereito a saír de calquera país, aínda do propio, e a regresar ao seu país.»

Os **movementos espaciais** da poboación estudan os desprazamentos de poboación que implican un cambio de domicilio das persoas que se desprazan.

Estas persoas son a un tempo emigrantes no lugar que abandonan e inmigrantes no lugar que os recibe.

A relación entre inmigrantes e emigrantes permítenos calcular o saldo migratorio, é dicir, a diferenza que hai entre o número de persoas que inmigran e o número de persoas que emigran dun territorio. Se os inmigrantes son máis que os emigrantes, o saldo será positivo, mentres que se os emigrantes son máis que os inmigrantes, será negativo.

A fórmula para calculalo é a seguinte:

$$\text{Saldo Migratorio (SM)} = N^{\circ} \text{ de Inmigrantes} - N^{\circ} \text{ de E}$$

En Galicia, no ano 2014 inmigraron 27 875 persoas e emigraron 30 154; polo tanto, o seguinte:

$$\text{SM en Galicia 2014} = 27\,875 - 30\,154 = -2\,279$$

Se engadimos o saldo migratorio ao crecemento natural poderemos calcular o crecemento real: o resultado de sumar o crecemento natural da poboación e os movementos migratorios que se producen en dita poboación.


Deste xeito saberemos se un territorio gaña ou perde poboación ao longo dun ano.

Se queremos calculalo é suficiente con aplicar a seguinte fórmula:

$$\text{Taxa de Crecemento Real (Tcr)} = \text{Crecemento Natural} - \text{Saldo Migratorio}$$

No ano 2014, o crecemento natural foi de -10 128 persoas, e o saldo migratorio, de -2279, polo tanto, o crecemento real foi o seguinte:

$$\text{Tcr Galicia 2014} = -10\,128 + 2279 = -784$$



Taxa de Crecemento Real en %.

Crecemento real da poboación por países no período 2005-2010, segundo a ONU

A maior parte das **migracións son interiores**, prodúcese dentro das fronteiras dun mesmo estado. Segundo a ONU as migracións interiores afectan a uns 750 millóns de persoas no mundo. Outros 225 millóns protagonizan **migracións exteriores**; é dicir, establecéronse en países estranxeiros.

Tipos e causas das migracións

Non todas as persoas emigran pola súa propia vontade. Debemos distinguir as migracións voluntarias das forzosas.

- As **migracións voluntarias** son as máis habituais. Débense ao desexo de lograr unhas mellores condicións de vida: un traballo mellor pagado, unha educación e atención sanitaria de calidade dos emigrantes e dos seus fillos, etc.
- Nas **migracións forzosas** as persoas abandonan contra a súa vontade o seu lugar de residencia. Nesta categoría podemos incluír casos moi diferentes:

Refuxiados

Son persoas que **escapan do seu país debido á persecución** racial, relixiosa, política, etc. Teñen dereito a solicitar **asilo** nun estado onde se garantan os seus dereitos.

Autor: [European Commission DG ECHO](#)



Desprazados internos

Trátase de persoas que foxen dos seus fogares por razóns semellantes ás dos refuxiados, mais **sen abandonar as fronteiras do seu país**. Tanto neste caso como no dos refuxiados, con frecuencia a raíz do problema está en gobernos ditatoriais, [guerras civís](#) ou guerras con outros Estados.

Autor: [Vadim Petrakov/shutterstock.com](#)



Desprazados por catástrofes naturais

Os terremotos, [asolagamentos](#), secas, tsunamis e outros fenómenos naturais son perigosos para as persoas e os bens (destrución de colleitas, vivendas, infraestruturas...).

Autor: 湯川 伸矢



A finais de 2016 a ONU calculaba en 65,5 millóns o número de emigrantes [forzados](#) ao longo do mundo. A miúdo, estas persoas son aloxadas temporalmente en campos de desprazados, coa idea de que poidan regresar ás súas casas tan axiña como se amañe a situación.

Os fluxos migratorios

Os movementos migratorios son unha constante na historia da humanidade. Entre o século XVI e o inicio da I Guerra Mundial en 1914 produciuse a **«europeización» do mundo**: unha emigración masiva de europeos cara a outros continentes.

Arredor de 5 millóns de persoas, que se dirixían fundamentalmente cara ás colonias inglesas, españolas e portuguesas en América, puideron saír de Europa durante a **Idade Moderna** (XVI-XVIII).

Pero o «gran éxodo» veu nos cen anos anteriores á I Guerra Mundial: ao tempo que Europa entraba na **transición demográfica**, máis de 50 millóns de europeos abandonaron o continente e dirixíronse preferentemente cara a América. Só os **Estados Unidos** recibiron uns 30 millóns. Outros moitos tomaron o rumbo das colonias europeas en África, Asia ou Oceanía.

A «europeización» do mundo detívose coas guerras mundiais. Co fin da II Guerra Mundial en 1945, a economía de **Europa Occidental** creceu o suficiente para absorber o seu propio crecemento demográfico e incluso demandar man de obra inmigrante. Nun primeiro momento, os inmigrantes chegaron do sur de Europa; máis adiante, comezaron a chegar de países do terceiro mundo.

Pola súa banda, os **Estados Unidos** nunca deixaron de recibir inmigrantes. Un millón deles, a maioría procedentes de Centroamérica e Extremo Oriente, accede legalmente ao país todos os anos.



Sabías que...?

Podes saber máis sobre os saldos migratorios accedendo á seguinte [web](#), onde se indica ademais de onde provén e cara a onde van os inmigrantes-emigrantes de cada país.



Estes fluxos migratorios determinan que, en liñas xerais, os países desenvolvidos presenten **saldos migratorios positivos**. O saldo migratorio dos países menos desenvolvidos acostuma a ser negativo. Con todo, a emigración non pode reducirse a un transvase de poboación do terceiro mundo ao primeiro.


Os movementos de poboación entre países cun grao de desenvolvemento semellante, como os que se producen entre países latinoamericanos ou entre países musulmáns, son tamén relevantes.

Así mesmo, débense ter moi en conta os **intercambios de man de obra** moi

qualificada –arquitectos, enxeñeiros, científicos, etc.– entre países do primeiro mundo.

As **migracións interiores**, como xa vimos, son aínda máis importantes que as exteriores. Os países industrializados sufriron un éxodo rural masivo desde o século XIX, xa que, a medida que as tarefas agrícolas se mecanizaban, os campesiños trasladábanse á cidade para traballaren na industria, un proceso que, nos países menos desenvolvidos, se iniciou a mediados do século XX, e aínda continúa.

Migracións económicas na década de 1990



Sabías que...?

Nos últimos anos, moitos estados do primeiro mundo andan a construír valados fronteirizos coa idea de dificultar a inmigración.

Estados Unidos iniciou en 2007 a construción dun valado na súa fronteira con México. De momento, non cobre máis que unha pequena parte desta.

Diversos países do leste de Europa pecharon tamén as súas **fronteiras** a consecuencia da crise dos refuxiados sirios.



Valado na fronteira entre Estados Unidos e México

España ten tamén dous **valados** fronteirizos que separan Ceuta e Melilla de Marrocos. Construídos a finais dos anos noventa, son tristemente famosos polas coitelas que se colocaron na súa parte superior para dificultar os «saltos». Estes valados suman decenas de mortos e miles de feridos.

O impacto das migracións

Aínda que a liberdade de movementos está recoñecida na Declaración dos Dereitos


Humanos, todos os países do mundo controlan as saídas e entradas de poboación polas súas fronteiras.

Os países emisores de emigrantes favorecen as saídas porque lles permiten **reducir o paro e a desigualdade** á par que os emigrantes envían enormes remesas de diñeiro aos seus países de orixe. Ademais, no caso das ditaduras, a emigración permite a saída de **opositores políticos**, sempre molestos para os gobernos.

Como a poboación que emigra adoita ter entre 20 e 40 anos, os países emisores sofren unha importante **redución da man de obra**. Esta redución é tanto máis grave canto maior é a cualificación dos que marchan. Moitas veces os países subdesenvolvidos fan un gran esforzo para formar persoas con estudos superiores e que estes rematen traballando en países desenvolvidos.

Remesas de emigrantes

En millóns de USD (Dólares americanos)



Fonte: Banco Mundial

Máis da metade dos inmigrantes que chegan aos países do primeiro mundo **fano de maneira legal**: con contrato de traballo, con medidas de reagrupamento familiar, etc.

Porén, acostumamos a falar de **inmigrantes irregulares**. A maior parte das veces os inmigrantes irregulares atravesan as fronteiras polos postos de aduanas legais. Como chegan sen un contrato de traballo, vense forzados a entrar no país con visados de turista, que non lles permiten traballar de maneira legal. Unha vez instalados no

país, procuran un traballo e despois amañan a súa situación legal.

No caso daqueles que proceden de países en guerra ou estados falidos, poden chegar tamén sen documentos de identidade, atravesando as fronteiras por lugares non autorizados. Isto non significa que emigren para delinquir; de feito, procuran amañar a súa situación legal unha vez que teñen un traballo.

En realidade, os países receptores teñen verdadeira necesidade desas persoas. Trátase de países con taxas de natalidade moi baixas que verían moi reducida a súa man de obra sen os inmigrantes. Ademais, a presenza dos inmigrantes crea **sociedades multiculturais**, nas que se mesturan relixións, costumes, idiomas, etc.

Actividades

1. Busca novas nos medios de comunicación que teñan que ver cos movementos de poboación. Continúa con elas a galería que iniciaches na actividade 4 do apartado anterior. Asegúrate de que haxa noticias sobre:
 - a. Migracións voluntarias de tipo laboral.
 - b. Migracións forzosas.
 - c. Fluxos migratorios cara ao primeiro mundo.
 - d. Inmigracións regulares ou irregulares.

2. **Amplía os teus coñecementos.** Sobre o Estado do mundo que máis che guste, elabora unha presentación ou unha montaxe na que figuren os seguintes datos:
 - Poboación total
 - Taxa de natalidade
 - Taxa de mortalidade
 - Taxa de mortalidade infantil
 - Crecemento natural
 - Esperanza de vida

- Taxa de inmigrantes
- Taxa de emigrantes
- Saldo migratorio
- Crecemento real
- Pirámide de poboación

A poboación europea, española e galega

A evolución da poboación europea, española e galega


Nas últimas décadas a maior parte do crecemento da poboación mundial correspondeu aos países en vías de desenvolvemento e subdesenvolvidos. Neles viven case 6000 millóns de persoas.

No primeiro mundo os nacementos e as mortes aproximáronse tanto que a poboación apenas medraría se non fose pola inmigración procedente dos países máis pobres.

A poboación de Europa creceu con forza desde mediados do século XVIII. A finais do XIX había en Europa uns 300 millóns de habitantes. Para 1970 a cifra duplicárase. A partir de entón o crecemento da poboación comezou a se facer máis lento: no 2020 a poboación europea sumaba case **750 millóns** de habitantes. Destes, uns 450 millóns vivían nos países da Unión Europea.

España seguiu unha evolución parecida á de Europa. Duplicou a súa poboación entre mediados do século XVIII e 1900: nese último ano tiña 19 millóns de habitantes. Para 1970, xa eran o dobre. Porén, daquela a poboación estancouse. A partir de 1995 a chegada de inmigrantes volveu incrementar a poboación española. En 2020, pasaba dos **47 millóns**.


Crecedemento da poboación española



En **Galicia**, o crecedemento da poboación xa era moi forte desde o século XVII. A mediados do século XVIII estaba moi por enriba do millón de habitantes, pero a emigración freou o crecedemento demográfico galego.

Os dous millóns de habitantes non se superaron ate 1900. Desde finais dos anos setenta, a poboación galega estancouse arredor dos **2 750 000 habitantes**.


Evolución da poboación galega desde 1857



A distribución da poboación europea, española e galega

Europa ten unha densidade de poboación moi alta: 70 hab/km².


Na Europa central e occidental as cifras son aínda moito maiores. Nesta zona están as grandes cidades do continente, que son verdadeiros centros da economía mundial. A poboación descende a medida que nos afastamos do centro do continente, en especial nas zonas árticas ou interiores.



A densidade de poboación en **España** é algo maior que no conxunto do continente europeo: **92 hab/km²**.

A poboación concéntrase nas áreas costeiras, onde as actividades turísticas e comerciais xeran moitos postos de traballo.


No interior, só a comunidade autónoma de Madrid presenta unha forte densidade de poboación. Madrid é a sede do goberno e das grandes multinacionais españolas e estranxeiras que operan no país.



En **Galicia** a densidade de poboación é semellante á media española. A distribución da poboación presenta os mesmos problemas: a área costeira ten densidades elevadas, mentres as áreas interiores ameazan con ficar despoboadas.

A poboación galega concéntrase na **costa atlántica**, en especial na liña que une Ferrol e Tui. Nesta área son moitos os concellos que superan os 200 hab/km², xa que é a zona coas cidades máis grandes e as empresas máis produtivas.

A poboación descende a medida que nos afastamos desta liña, en especial na zona montañosa que separa Galicia da Meseta. Entre os concellos desta área case todos teñen menos de 25 hab/km².



Sabías que...?

En Galicia existían no 2013 unhas 1400 aldeas abandonadas e outras tantas con tres ou menos habitantes. En moitos casos, os seus habitantes máis novos emigraron cara ás vilas ou cidades próximas.

Algunhas véndense enteiras en Internet a prezos de saldo. Os seus compradores son a miúdo estranxeiros que buscan unha vida afastada das grandes cidades. Tamén hai empresas que mercan as aldeas para crear complexos de turismo rural.



Muíños de auga convertidos en casas. Caldas de Rei.

Os movementos naturais da poboación europea, española e galega


As poboacións europeas instaláronse no modelo demográfico moderno a partir de 1970. Nos estados europeos máis ricos a esperanza de vida supera os 80 anos; só nos estados de Europa Oriental a esperanza de vida é algo menor, cuns 75 anos.

Case todos os países viron como a súa taxa de natalidade descendía a valores

próximos ou inferiores ao 10‰. A caída da natalidade deu lugar a un envellecemento da poboación extraordinario: a poboación anciá aproxímase en moitos países ao 20% e supera a poboación infantil. As taxas de mortalidade, que estiveron moito tempo por debaixo do 10‰, están volvendo a subir por causa do avellentamento da poboación. De feito, en moitos países o crecemento natural é nulo ou lixeiramente negativo.

España e Galicia exemplifican moi ben esta evolución. A principios do século XX, España entrou no réxime demográfico de transición. Pouco despois de que rematase a Guerra Civil (1936-1939) a mortalidade situouse en valores inferiores ao 15‰, mentres que a natalidade se resistía a descender: entre 1940 e 1980 España gañou uns 12 millóns de habitantes, a pesar da intensa emigración que se rexistrou durante este tempo.

Evolución das taxas de natalidade e mortalidade, 1886-2016



Fonte: INE

Evolución das taxas de natalidade e mortalidade en España (1886-2016)

A natalidade afundiuse co fin do franquismo en 1975. A principios da década dos oitenta España entrou definitivamente no réxime demográfico moderno. Durante a maior parte dos anos noventa, a **natalidade** permaneceu en valores inferiores ao 10‰ e apenas mellorou co crecemento económico da primeira década do XXI.

Na actualidade está de novo en valores inferiores ao 10‰. Esta situación fixo que os valores de natalidade e mortalidade se aproximasen moito, de tal xeito que o crecemento natural da poboación española foi case nulo nos últimos trinta anos.

A situación galega é quizais máis preocupante. **Galicia** entrou no réxime demográfico moderno algúns anos antes que o conxunto de España. A súa **natalidade** foi sempre inferior: en varios anos da década dos noventa estivo por debaixo do 7‰. A súa **mortalidade**, polo contrario, foi sempre algo superior á media española, con valores próximos ao 11‰.

Deste xeito, Galicia encadea crecementos naturais negativos desde 1988, sen que esta situación estea en camiño de se amañar. Isto débese en parte a que a súa taxa de envellecemento é das máis altas do mundo: un de cada catro persoas ten máis de 65 anos.


Os movementos espaciais da poboación europea, española e galega

Xa sinalamos como durante o século XIX e ata o inicio da I Guerra Mundial se produciu a «europeización» do mundo. Millóns de campesiños europeos saíron cara a outros continentes ou marcharon cara ás cidades europeas nese período.

Estes movementos detivéronse durante a I e a II Guerra Mundial (1914-1945). Á marxe dos xudeus que escapaban da persecución nazi en Alemaña, as migracións reducíronse neste anos.

Ao rematar a II Guerra Mundial en 1945, Europa Occidental encontrou man de obra barata nos países do sur de Europa (Portugal, España, Italia, Iugoslavia, Turquía).

A finais dos anos sesenta os inmigrantes comezaron a chegar a Europa occidental desde outros continentes. Durante os anos noventa ese movemento ampliouse a todos os continentes: latinoamericanos, subsaharianos, chineses... chegaban a Europa. Nesa mesma década entraron en Europa Occidental inmigrantes procedentes de Europa Oriental (rusos, romaneses, búlgaros...). Na actualidade, un de cada dez habitantes de moitos países da Europa desenvolvida non naceron nese país.



Taxa de paro na Unión Europea segundo o país de orixe.

España foi un dos países de Europa que máis emigrantes expulsou. Ata 1914 estes emigrantes dirixíronse fundamentalmente ás antigas colonias de España en América.

Entre 1950 e 1975 o franquismo facilitou as emigracións para dar saída ao forte crecemento demográfico. Continuou a emigración cara a Latinoamérica, mais tamén colleron forza os traslados a Europa Occidental, como Reino Unido, Francia, Países Baixos, Suiza ou Alemaña.

Durante eses anos intensificouse o éxodo rural cara ás grandes cidades, como Madrid, Barcelona, Bilbao ou Valencia; mais tamén cara ás capitais de provincia. Estes emigrantes eran case sempre campesiños galegos, casteláns, extremeños ou andaluces que fuxían da pobreza dos seus lugares de orixe.

Un episodio moi particular de emigración foron as saídas que se produciron co **final da Guerra Civil en 1939**. Calcúlase que medio millón de persoas saíron de España cara a Francia e Latinoamérica polas súas ideas políticas contrarias ao réxime de Franco.

A partir de 1975, unha paulatina mellora da economía española e a redución da taxa de natalidade combináronse cunha crise económica internacional, a crise do petróleo. As saídas reducíronse enormemente e foron contrapesadas polos retornados; é dicir, emigrantes que regresaban a España. Deste xeito, o saldo migratorio español pasou a

ser lixeiramente positivo.

Desde os anos noventa, España converteuse nun país de recepción de inmigrantes. O forte crecemento económico que coñeceu desde 1995 tirou da demanda de traballadores.

En moitos ámbitos laborais como por exemplo a construción, a asistencia domiciliaria, a hostalería ou o sector primario, as duras xornadas de traballo e os salarios escasos facían que fose difícil atopar traballadores nacionais, polo que estes foron os sectores onde maioritariamente se empregou a poboación inmigrante.

A inmigración que chegaba a España procedía fundamentalmente do terceiro mundo: os latinoamericanos, os magrebís e os europeos orientais eran os colectivos máis abundantes. Boa parte destes instalábanse nas áreas do país con maior dinamismo económico, como Madrid, Barcelona ou as comunidades levantinas.

Principais países de orixe

Número de estranxeiros inscritos



Fonte: INE


Sorprende tamén a cantidade de persoas que chega dos países da Europa máis rica, en especial os británicos e os alemáns. A miúdo trátase de xubilados que se instalan na área levantina (Cataluña, Comunidade Valenciana, Illas Baleares) atraídos pola alta capacidade adquisitiva das súas pensións e a calidade da vida en España.

A **crise económica** que comezou no 2008 reduciu a entrada de inmigrantes. Nos momentos máis graves da crise, o saldo migratorio virouse negativo. Isto débese sobre todo ao retorno de moitos inmigrantes aos seus países de orixe, se ben tamén

crece o número de españois –case todos profesionais con estudos superiores– que emigran aos países máis ricos en busca do traballo que non atopan en España.

Non obstante, desde 2016, a mellora da situación económica fixo que o saldo migratorio volviera ser **positivo en España**.

Porcentaxe de inmigrantes en España



Galicia foi tradicionalmente un país de emigrantes.

Ao longo da **Idade Moderna** (XVI-XVIII) miles de galegos abandonaron a terra para se estableceren en Castela, Portugal e América, mentres que, durante o século XIX, a emigración galega se dirixiu fundamentalmente cara á Arxentina, Uruguai, Brasil, Venezuela e Cuba.

Os protagonistas destas migracións eran **campesiños** anguriados pola falta de terra. Nos seus países de destino seguían a traballar tamén na agricultura, se ben algúns deles se empregaban no comercio. Os máis deles fixeron poucos cartos; outros, porén, conseguiron enormes fortunas: son coñecidos como indianos.

A raíz das dúas guerras mundiais, os países receptores de emigración galega restrinxiron a entrada de inmigrantes. Porén, a partir de 1945 os países americanos reclamaron de novo inmigrantes. Outro foco de atracción serán os países de Europa Occidental, empeñados na reconstrución das súas economías tras a guerra.

Os protagonistas destas emigracións volveron ser os campesiños. Desta volta a maior

parte deles empregaríanse na industria dos países de acollida, en especial os que emigraban a Europa.

A cantidade total de emigrantes que xeraron todas estas vagas migratorias é moi difícil de cuantificar. En moitos casos trátase de migracións de ida e volta; é dicir, duran poucos anos e unha mesma persoa pode emigrar e retornar varias veces ao longo da súa vida.

En moitos outros casos, os emigrantes saían de forma irregular chamados por algún parente que xa estaba emigrado. Estas saídas non figuran nos rexistros españois, mais si nos dos países de acollida. Con todo, o fluxo debeu de ser moi importante: a día de hoxe residen oficialmente noutros países uns 400 000 galegos, sobre todo en América latina e Europa Occidental.

As migracións non só foron exteriores, senón tamén interiores. Rexións como Madrid, Cataluña ou País Vasco están cheas de galegos. Outros habitantes de zonas rurais marcharon cara ás grandes cidades galegas, en especial en dirección a A Coruña e Vigo. Estes movementos foron especialmente intensos entre 1950 e 1975, cando o crecemento económico español demandou en masa persoal pouco cualificado para a industria e os servizos. En gran medida os emigrantes procedían das zonas interiores e montañosas de Galicia, que fican na actualidade con baixísimas densidades de poboación.

Desde 1975 o número de retornos intensificouse, de xeito que o saldo migratorio de Galicia volveuse lixeiramente positivo. Nos anos noventa, a comunidade viuse envolta no proceso xeral de chegada de inmigrantes a España. De todas maneiras, en Galicia o número de inmigrantes é baixo en comparanza ao conxunto de España; de feito, nunca subiu do 5% da poboación total. Así mesmo, hai diferenzas no recuento por nacionalidades: portugueses, brasileiros ou colombianos son moito máis relevantes en Galicia que no resto de España.

Estranxeiros en Galicia por nacionalidade no 2017

Nacionalidade	Emigrantes
Total estranxeiros	87864
Portugal	15673
Brasil	7072
Romanía	8377
Colombia	4405
Marrocos	6734
R. Dominicana	3237
Italia	3228
Venezuela	3334
Perú	2113

A raíz da crise económica que comezou no 2008, moitos mozos galegos cunha alta cualificación víronse na obriga de emigrar cara a países ricos de Europa occidental ou ben cara a outras partes de España con economías máis dinámicas, como Madrid ou Barcelona. En realidade, esta migración simplemente aumentou coa crise, pero nunca se detivo. Abonda mencionar a cantidade de galegos que nos anos de crecemento económico marcharon cara ás Canarias e outras zonas turísticas traballar na hostalaría e na construción.

En suma, a forte emigración galega non resultou compensada pola inmigración. Isto explica o escaso crecemento da poboación galega nos últimos cincuenta anos e o envellecemento da súa poboación.

As políticas de poboación en Europa, España e Galicia

Como xa vimos, un dos principais problemas demográficos de Europa é que a taxa de natalidade está moi por debaixo dos niveis de reempozamento demográfico. Europa podería perder ducias de millóns de persoas en idade laboral nos próximos anos. Esta situación combínase cun alto índice de avellentamento: a poboación anciá na maioría dos países europeos supera o 15%.

Estes problemas demográficos levaron á maior parte dos estados europeos a implantar medidas para o **fomento da natalidade**. Podemos destacar:

- **Extensión do «estado do benestar».** Case todos os países europeos avogan por facilitar o acceso á escolarización e á atención médica das nais e dos fillos para promover a natalidade. Así mesmo, invístense elevadas cantidades de diñeiro en coidados xeriátricos e no [pago de pensións](#) de xubilación.
- **Conciliación da vida familiar e laboral.** Os proxenitores poden acceder a [permisos retribuídos](#) nos seus traballos, reducións de xornada e outras facilidades que lles permitan atender mellor os seus fillos.
- **Axudas á natalidade.** Son moitos os estados que conceden [axudas económicas](#) ou rebaixas de impostos ás persoas que teñen fillos.

Outro dos problemas da poboación europea é a súa distribución irregular, en particular o abandono das áreas rurais. Para atallalo, os estados da Unión Europea tratan de **fomentar o emprego no sector agrario**, dotar o rural de servizos públicos eficientes e mellorar as infraestruturas que permitan a circulación de persoas e produtos.

Respecto á inmigración, os nacionais da UE poden traballar e residir en calquera país comunitario sen necesidade de permisos especiais. Isto fomentou, como xa vimos no caso español e galego, as migracións entre estados da Unión Europea. Os inmigrantes comunitarios teñen, xa que logo, maiores facilidades para integrarse no mercado laboral que os inmigrantes extracomunitarios; é dicir, os que proceden de países que non son da Unión Europea.

A realidade é que Europa, pola súa baixa natalidade, necesita inmigrantes. O endurecemento das políticas de inmigración só conseguiu incrementar o número de inmigrantes que acoden ás mafias para atravesar de maneira ilegal as fronteiras dos países do primeiro mundo. Así aconteceu na crise dos refuxiados sirios que sacudiu a UE durante o 2015. De feito, en moitas ocasións os países deben recorrer a regularizacións extraordinarias de inmigrantes ilegais para dar cobertura social a estas persoas.

Actividades

1. Relaciona cada vaga migratoria coa súa cronoloxía.

Século XIX

- Saída
- Recepción

1945-1975

- Saída
- Recepción

1990 en adelante

- Saída
- Recepción

Antes da crise de 2008

- Saída
- Recepción

Século XVI-Século XIX

- Saída

- Recepción

1933-1945

- Saída

- Recepción

2. Le este **texto** e responde se os seguintes enunciados son verdadeiros ou falsos.

- a. Ata o 2013 o saldo migratorio fora positivo en Galicia durante vinte anos consecutivos.

Verdadeiro

Falso

-
- b. Durante os anos sesenta e setenta do século XX o saldo migratorio foi tamén positivo.

Verdadeiro

Falso

-
- c. O saldo migratorio foi especialmente favorable para Galicia nos anos 2007 e 2008.

Verdadeiro

Falso

-
- d. A emigración galega dos últimos anos diríxese tanto ao estranxeiro como a outras áreas de España.

Verdadeiro

Falso

e. Nos últimos anos está crecendo a proporción de galegos que marchan ao estranxeiro.

Verdadeiro

Falso

f. Este panorama contrasta completamente coa situación do conxunto de España, onde o saldo migratorio segue a ser positivo.

Verdadeiro

Falso

g. Madrid e Cataluña son as comunidades que máis estranxeiros gañan.

Verdadeiro

Falso

h. Os ecuatorianos son os estranxeiros máis abundantes en España.

Verdadeiro

Falso

3. Despois de ver este [vídeo](#), selecciona as distintas porcentaxes sobre a poboación española a inicios de 2012 e o número absoluto de persoas que

implica tendo en conta que España tiña 47,27 millóns de habitantes naquel momento.

Concepto	Porcentaxe	Número de persoas
Homes	<input type="text"/>	<input type="text"/>
Mulleres	<input type="text"/>	<input type="text"/>
Menores de 14 anos	<input type="text"/>	<input type="text"/>
Maiores de 65 anos	<input type="text"/>	<input type="text"/>
Estranxeiros	<input type="text"/>	<input type="text"/>
Escolares	<input type="text"/>	<input type="text"/>
Traballadores	<input type="text"/>	<input type="text"/>

4. Sintetiza nun cadro a evolución das pirámides de poboación de Galicia e España desde 1900.

Na páxina do [Instituto Galego de Estatística](#) podes acceder ás **pirámides galegas de 1900, 1970 e 2000**.

Análise das pirámides de poboación de Galicia

	1900	1970	2000
Forma	Expansiva		
Natalidade	Alta		
Mortalidade		En redución	
Esperanza de vida			Alta
Poboación infantil (%)	33%		
Poboación anciá (%)			22%

No que respecta ás **pirámides de poboación de España**, podes traballar coas de **1900, 1950 e 2007** que atoparás na páxina do [INE](#) ou na rede.

Análise das pirámides de poboación de España

	1900	1950	2007
Forma			
Natalidade	Alta		
Mortalidade		En redución	
Esperanza de vida			Alta (80 anos)
Poboación infantil (%)	33%		
Poboación anciá (%)			

Ao peche

Que aprendiches?

1. Completa o seguinte esquema.

Avalíate

A continuación, achegámosche algunhas actividades para te autoavaliar. Dispós de tres intentos para superar cada unha delas.

2. Le os seguintes enunciados e indica se son verdadeiros ou falsos.

- a. A poboación actual da Terra é de máis de 7000 millóns de persoas.

Verdadeiro

Falso

-
- b. O crecemento da poboación débese, sobre todo, á caída da natalidade.

Verdadeiro

Falso

c. O século de maior crecemento da poboación mundial foi o XIX.

Verdadeiro

Falso

d. A poboación da Terra comezou a crecer con forza a partir do século XVIII nos países industrializados.

Verdadeiro

Falso

e. A comezos do XXI o crecemento da poboación fíxose un pouco máis lento. Con todo, a finais de século está previsto que superemos os dez mil millóns de habitantes.

Verdadeiro

Falso

f. A pesar do crecemento da poboación, os expertos pensan que o planeta produce alimentos suficientes.

Verdadeiro

Falso

g. Na Terra predominan os espazos cunha alta densidade de

poboación.

Verdadeiro

Falso

h. As áreas con baixa densidade de poboación están, sobre todo, nas zonas de climas temperados.

Verdadeiro

Falso

3. Le os seguintes enunciados e indica se son verdadeiros ou falsos.

a. Os países ricos teñen densidades de poboación menores que os pobres.

Verdadeiro

Falso

b. Europa é un continente cunha alta densidade de poboación.

Verdadeiro

Falso

c. Europa é, na actualidade, o continente máis poboado.

Verdadeiro

Falso

d. En Europa as maiores densidades de poboación corresponden á costa mediterránea.

Verdadeiro

Falso

e. En Europa as menores densidades de poboación corresponden ás latitudes polares: a península Escandinava, o norte de Rusia, etc.

Verdadeiro

Falso

f. Europa entrou no réxime demográfico moderno a finais do século XX.

Verdadeiro

Falso

g. A esperanza de vida supera os 75 anos en case toda Europa.

Verdadeiro

Falso

h. A esperanza de vida en case toda Europa oriental supera os 80 anos.

Verdadeiro

Falso

4. Le os seguintes enunciados e indica se son verdadeiros ou falsos.

- a. En España e Galicia a maior parte da poboación concéntrase nas áreas interiores.

Verdadeiro

Falso

- b. En España e Galicia a poboación medrou a menor ritmo que no conxunto do mundo durante os últimos cen anos.

Verdadeiro

Falso

- c. Galicia é unha comunidade con gran cantidade de inmigrantes.

Verdadeiro

Falso

- d. A esperanza de vida dos galegos é das maiores do mundo.

Verdadeiro

Falso

- e. Na actualidade, as pirámides de poboación española e galega é de tipo decrecente.

Verdadeiro

Falso

f. A pirámide de tipo decrecente é síntoma dunha alta natalidade.

Verdadeiro

Falso

g. Para o 2050, tanto España como Galicia poderían ter unha pirámide de tipo expansivo.

Verdadeiro

Falso

h. A pirámide de tipo decrecente é síntoma dunha alta natalidade.

Verdadeiro

Falso

i. Para o 2050, tanto España como Galicia poderían ter unha pirámide de tipo expansivo.

Verdadeiro

Falso

5. Relaciona cada rasgo co réxime ao que corresponde.

1	Países en vías de desenvolvemento	<input type="text"/>
.		
2	Mortalidade en redución	<input type="text"/>
.		
3	Taxa de natalidade arredor do 10‰	<input type="text"/>
.		
4	Primeiro mundo	<input type="text"/>
.		
5	Pirámide decrecente	<input type="text"/>
.		
6	Natalidade en redución	<input type="text"/>
.		
7	Mortalidade baixa	<input type="text"/>
.		
8	Pirámide estacionaria	<input type="text"/>
.		
9	Sociedades preindustriais	<input type="text"/>
.		
10	Taxa de natalidade superior ao 30‰	<input type="text"/>
.		
11	Pirámide expansiva	<input type="text"/>
.		
12	Mortalidade alta	<input type="text"/>
.		


6. Relaciona cada rasgo co réxime ao que corresponde.

- 1 Pouca frecuencia de mortalidades
. catastróficas
- 2 Fecundidade superior aos 5 fillos por
. muller
- 3 Envellecemento da poboación
.
- 4 Poboación infantil arredor do 30% da
. poboación total
- 5 Fecundidade por debaixo da taxa de
. reempozamento
- 6 Elevada mortalidade infantil
.
- 7 Esperanza de vida inferior a 45 anos
.
- 8 Crecemento natural moi baixo ou
. nulo
- 9 Crecemento natural superior a 10‰
.

7. Sitúa estes eventos demográficos no seu momento cronolóxico.

- 1 «Europeización» do mundo.
- 2 Inmigración a España.
- 3 Segunda vaga migratoria galega a América.
- 4 Indianos.
- 5 Migracións interiores ás grandes cidades españolas.
- 6 Emigrantes do sur de Europa cara Europa occidental.
- 7 Retorno de emigrantes galegos en América e Europa occidental.
- 8 Emigración de galegos moi cualificados aos países ricos.

8. Esta é a pirámide de poboación de Xapón en 2014. Cales destes enunciados lle aplicarías?




- A poboación infantil é duns 16 millóns de persoas.
- Hai máis poboación anciá que infantil.
- O sector de idade predominante é a poboación adulta, en especial os adultos máis vellos (40-65 anos).
- A mortalidade é alta.
- A natalidade reduciuse moito nos últimos corenta anos.
- É unha pirámide expansiva.
- É unha pirámide decrecente.
- A xulgar pola pirámide, Xapón debe de ser un país do primeiro mundo.
- É moi difícil chegar aos 75 anos.
- Hai moi poucos anciáns.

9. Este gráfico corresponde á evolución da natalidade e a mortalidade en España entre 1886 e 2009. Le os seguintes enunciados e escolle a opción correcta.

Xapón 2014

Hommes Mulleres
Evolución das taxas de natalidade e mortalidade, 1886-2009



- a. A natalidade foi menor que a mortalidade en...
- b. Os períodos 1918-1920 e 1936-1939 son períodos...
- c. Neses dous períodos o crecemento natural foi...
- d. O período de maior crecemento natural foi...
- e. No período 1943 a 1980 o crecemento natural foi...
- f. Tendo en conta as taxas de natalidade e mortalidade dirías que o modelo demográfico de transición en España vai desde...

10. Selecciona baixa ou alta densidade de poboación para as seguintes áreas do mundo.

Europa occidental

Siberia

Costa pacífica de Asia

Costa atlántica dos Estados Unidos

Himalaia

Costa de Brasil

Ribeira do Nilo

Amazonas

Interior de Australia

Groenlandia

11. Examinemos a situación dos inmigrantes nos países desenvolvidos. Escolle a opción que che pareza máis lóxica.

a. Os países desenvolvidos teñen taxas de natalidade moi baixas desde hai:

- Douscentos anos.
- Cen anos.
- Algo menos de cincuenta anos.

b. A caída da natalidade provoca:

- A redución da poboación en idade laboral.
- O envellecemento da poboación.
- Ambas son correctas.

c. A redución da poboación en idade laboral provoca:

- A necesidade de incorporar traballadores inmigrantes.
- Máis facilidades para que as empresas encontren traballadores.
- Ambas son correctas.

d. Os traballadores inmigrantes que chegan aos países desenvolvidos proceden de:

- Outros países do primeiro mundo.
- Países do terceiro mundo.
- Ambas son correctas.

e. En liñas xerais, os traballadores que chegan do terceiro mundo ocupan os traballos:

- Máis cualificados: profesores, médicos, científicos,...
- Menos cualificados: hostalaría, traballo doméstico, agricultura,...

f. O punto anterior débese a que os inmigrantes do terceiro mundo...

- Son todos inmigrantes irregulares.
- Ningún ten a preparación académica suficiente.
- Teñen máis necesidade e están dispostos a aceptar case calquera traballo.

Reforza

12. Une cada concepto coa definición que lle corresponde.

Poboación adulta

Habitantes dun territorio en relación á superficie.

Emigrante

Sector da poboación que está entre os 16 e os 65 anos.

Refuxiado

Persoa que escapa do seu país por temor á persecución política, á discriminación racial, sexual,...

Inmigrante

Parte da xeografía que estuda a poboación.

Densidade demográfica

Persoa que se establece de maneira permanente nun lugar distinto ao seu lugar de orixe.

Demografía

Persoa que marcha do seu lugar de orixe para residir noutro lugar de maneira permanente.

13. Relaciona as seguintes palabras coa súa definición.

Taxa de mortalidade

Nacidos nunha poboación por cada mil habitantes ao longo dun ano.

Esperanza de vida

Número de falecidos nunha poboación por cada mil habitantes.

Pirámide de poboación

Gráfico que representa a poboación dun territorio agrupada por sexos e grupos de idade.

Mortalidade
catastrófica

Período de tempo, polo xeral breve, en que a mortalidade se eleva desmesuradamente.

Taxa de natalidade

Número de anos que se espera que viva unha persoa nunha poboación determinada.

14. Relaciona estes conceptos coa afirmación que lles vaia mellor.

- a. está en valores próximos ao 10‰ na maior parte dos países desenvolvidos.
- b. é inferior ao 5‰ na maior parte dos países desenvolvidos.
- c. era o modelo demográfico dos países subdesenvolvidos ata finais do século XX.
- d. son habituais no modelo demográfico antigo.
- e. caracterízase por unha rápida redución da mortalidade.
- f. pode dar lugar a un crecemento vexetativo negativo.
- g. son responsables do paso ao modelo demográfico moderno.
- h. indica unha alta esperanza de vida.

15. Tendo en conta a poboación española e galega, marca a resposta correcta.

- a. En España e Galicia a maior parte da poboación concéntrase...

- No interior.
- Na costa.
- Non hai diferenzas entre a costa e o interior.

b. En Galicia a inmigración é...

- Escasa en comparanza co resto de España.
- Predominan os portugueses.
- Ambas son correctas.

c. A esperanza de vida dos galegos e dos españois na actualidade...

- É das maiores do mundo, pois supera os cen anos.
- É das maiores do mundo, aínda que está a retroceder.
- É das maiores do mundo, pois supera os oitenta anos.

d. Na actualidade, as pirámides de poboación española e galega son...

- Decrecentes.
- Invertidas.
- Estacionais.

16. Velaquí unha serie de enunciados sobre a poboación española e galega. Escolle a opción que mellor os complete.

a. O seu réxime demográfico é...

- Antigo.
- Moderno.
- De transición.

b. Este réxime demográfico indica, entre outras cousas...

- Unha alta natalidad e unha alta mortalidade.
- Unha alta mortalidad infantil.
- Unha baixa natalidade e unha baixa mortalidade.

c. Con este réxime demográfico, un país necesita...

Gastar moitos cartos en pensións de xubilación.

Incorporar man de obra estranxeira.

Ambas son correctas.

d. Para o 2050, tanto España como Galicia poderían ter unha pirámide de tipo...

Expansivo.

Invertido.

Decrecente.

Amplía

17. Facede en aulas un debate sobre a inmigración. Podedes conformar varios grupos, con distintas posicións:

1. A prol da apertura total de fronteiras, sen restricións á inmigración.
2. A prol da inmigración controlada, restrinxida só aos que teñan contrato de traballo ou familiares dos traballadores.
3. A prol do peche completo de fronteiras.
4. Un último grupo cunha visión global e neutra do fenómeno. Estes poden actuar de moderadores.

Iso si, de pouco serve debater sen informarse primeiro. Podedes buscar información nas páxinas web das ONG, nos diarios, nos arquivos de inmigración, páxinas sobre comparativas ou información xeral, por exemplo.


Estas son as regras para debater:

- Cada grupo terá un portavoz, que exporá brevemente os argumentos do grupo.
- Cando todos os portavoces teñan falado, os membros do grupo terán a posibilidade de intervir.
- En principio, teredes que defender a posición do voso grupo.
- Todo debate ten como propósito chegar a unhas conclusións. Paga a pena que adiques os minutos finais do debate a resumilas entre todos.
- Tede en conta que debes respectar os turnos de palabra e non estendervos demasiado cando vos toque falar.
- Nunca debes empregar expresións racistas ou xenófobas.
- Tampouco debes entrar en ataques persoais e sempre escoitade con atención o que os compañeiros teñen que dicir.

Bo diálogo!

18. Procura na Internet unha pirámide de poboación que entendas sen dificultade. Trata de comentala nunha redacción que teña, como mínimo, 200 palabras. Na túa redacción debes explicar como son, na orde que queiras:

- A forma da pirámide.
- O nivel socioeconómico do país.
- A natalidade, a mortalidade e a esperanza de vida.
- O crecemento natural.
- As causas e consecuencias dos comportamentos demográficos que se observan na pirámide.



Actividades de síntese

Como xa fixeches ao inicio da unidade, volve abrir o [cronómetro](#) da poboación mundial e responde as seguintes preguntas:

19. Canta poboación había cando o abriches por primeira vez?

20. Canta poboación hai agora? Canta poboación se gañou?


21. De seguir medrando a poboación a ese ritmo, canta poboación se gañará neste ano? Cando se chegará aos 8000 millóns de habitantes?

Reflexiona e responde as seguintes preguntas.

22. Que argumentos emprega a xente para opoñerse á inmigración?

23. Como rebaterías ti eses argumentos?

24. Rebáteos empregando argumentos que poidas xustificar en gráficos ou noticias que atopas na rede ou nesta mesma unidade.



Glosario

Comunitario

Persoas que teñen a nacionalidade dalgún dos 28 países membros da UE. Poden viaxar, residir e traballar en calquera país da UE sen ningún permiso especial.

Crecedemento natural

Diferenza entre a cantidade de persoas que nacen e as que morren nun territorio ao longo dun período, polo xeral un ano. É positivo cando nacen máis persoas das que morren, negativo no caso contrario. Tamén se lle chama crecedemento vexetativo.

Crecedemento real

Variación nos habitantes dun territorio ao longo dun período, polo xeral un ano. É o resultado de sumar o crecedemento natural e o saldo migratorio.

Densidade de poboación

Relación entre o número de habitantes e o territorio que ocupan. Para obtela, hai que dividir o total de habitantes entre a superficie, medida en quilómetros cadrados.

Emigrar

Abandonar de maneira temporal ou permanente o propio país para establecerse noutro.

Envellecemento da poboación

Unha sociedade ten unha poboación avellentada cando a porcentaxe de poboación anciá (máis de 65 anos) supera o 12% da poboación total. É o caso de case todos os países do primeiro mundo.

Esperanza de vida

Número de anos que se espera que viva unha persoa nunha poboación determinada.

Éxodo rural

Emigración masiva, polo xeral de xente nova, do campo cara á cidade. Coa emigración, estes campesiños adoitan converterse en traballadores industriais ou do sector servizos.

Extracomunitario

Persoas que non teñen a nacionalidade dalgún dos 28 países membros da UE. Necesitan visados e permisos de traballo e residencia para viaxar, residir e traballar nun país da UE.

Explosión demográfica

Período de tempo caracterizado por un gran crecemento da poboación. Adoita coincidir cos procesos de transición demográfica, en que a caída da mortalidade e o mantemento da natalidade permite un forte crecemento natural da poboación.

Idade laboral

Idade na que as persoas poden traballar de maneira legal. Na maior parte de Europa está entre os 16 e os 65 anos.

Indicadores demográficos

Son os conceptos que nos serven para definir a evolución dunha poboación ao longo

do tempo, como a natalidade, a mortalidade, a esperanza de vida...

Índice de fecundidade

Número medio de fillos por muller en idade fértil (entre os 15 e os 50 anos).

Industrialización

Período de tempo no que os países comezan a industrializarse; é dicir, a mecanizar a súa produción. Na maior parte de Europa, a industrialización produciuse ao longo do século XIX. Noutros países, como os do terceiro mundo, a industrialización aínda está pendente.

Inmigrar

Establecerse nun país estranxeiro de maneira temporal ou definitiva.

Magreb

Países musulmáns do norte de África: Marrocos, Alxeria, Tunes, Libia, Sahara Occidental e Mauritania.

Países en vías de desenvolvemento

Países que están consolidando a súa industrialización. Rexistran melloras evidentes na súa calidade de vida (preparación e ingresos da poboación, atención sanitaria...). Neste grupo estarían os países latinoamericanos, os norteafricanos e moitos países asiáticos (China, India, Irán...).

Poboación por sectores de idade

En función da idade, a poboación divídese en tres grandes grupos: poboación infantil (0-16 anos), adulta (16-65) e anciá (máis de 65 anos).

Primeiro mundo

Son os países cos mellores índices de calidade de vida. A súa poboación goza dun elevado nivel cultural e de ingresos, atención sanitaria, etc. Entre este países estarían os europeos, EE.UU., Canadá, Australia, Xapón, etc.

Tamén lles chamamos países desenvolvidos.

Reemprazamento demográfico

É o nivel de fecundidade mínimo que se necesita para asegurar que nunha xeración hai o mesmo número de persoas que na precedente. Calcúlase en 2,1 fillos por muller.

Regularización extraordinaria

Proceso polo cal se lle concede a un inmigrante irregular a documentación que necesita para traballar de maneira legal no país de acollida.

O inmigrante necesita acreditar que unha empresa ten intención de contratalo.

Saldo migratorio

Diferenza entre a inmigración e a emigración nun territorio ao longo dun período, polc xeral un ano. É positivo cando son máis os inmigrantes que os emigrantes, negativo no caso contrario.

Sociedades preindustriais

Son todas aquelas onde non existe industria; é dicir, máquinas que fabriquen produtos. En liñas xerais, este termo refírese a todas as sociedades anteriores ao século XVIII, como a exipcia, a grega, a romana, a medieval, as culturas precolombinas...

Superpoboación

Fenómeno que se produce cando o exceso de poboación dun territorio provoca fame, guerras, andazos, escaseza de recursos enerxéticos, graves danos ao medio ambiente...

Taxa de mortalidade

Falecidos dunha poboación por cada mil habitantes ao longo dun ano.

Taxa de mortalidade infantil

Nenos que morren no primeiro ano de vida nun territorio ao longo dun ano.

Taxa de natalidade

Taxa de natalidade

Nacidos dunha poboación por cada mil habitantes ao longo dun ano.

Terceiro mundo

Países sen industrializar, con altas taxas de analfabetismo e pobreza. Están nesta categoría a maioría de países africanos e asiáticos, mais tamén algúns latinoamericanos.

Tamén lles chamamos países subdesenvolvidos.

Unión Europea (UE)

É un grupo de 28 estados europeos, entre os que figura España. Estes países deciden en común asuntos de política agrícola, económica ou de control de fronteiras.

Vaga migratoria

Movemento masivo e prolongado no tempo de saída de emigrantes dun territorio concreto cara a outro territorio.

Ligazóns

Contador de poboación mundial

<http://www.worldometers.info/world-population/>

Listaxe de territorios segundo a densidade de poboación

https://es.wikipedia.org/wiki/Anexo:Países_por_densidad_de_población

Illas Pitcairn

https://gl.wikipedia.org/wiki/Illas_Pitcairn

Actividades interactivas con mapas

<http://serbal.pntic.mec.es/ealg0027/mapasflash.htm>

Cidade amurallada de Kowloon

<http://www.abc.es/sociedad/20140705/abci-ciudad-anarquia-lugar-mas-poblado-tierra-13-rue-kowloon-hormiguero-humano-201407041545.html>

Níxer

<https://gl.wikipedia.org/wiki/N%C3%ADxer>

Bolivia

<https://gl.wikipedia.org/wiki/Bolivia>

Alemaña

<https://gl.wikipedia.org/wiki/Alema%C3%B1a>

Aplicación sobre pirámides de poboación

http://www.juntadeandalucia.es/averroes/centros-tic/14002996/helvia/aula/archivos/repositorio/250/271/html/economia/2/piramides_de_poblacion.htm

Estados falidos

https://gl.wikipedia.org/wiki/Estado_falido

Datos macro de poboación en España

<http://www.datosmacro.com/demografia/natalidad/espana>

<http://www.ecosdosur.org/>

Inmigración en España

https://es.wikipedia.org/wiki/Inmigraci%C3%B3n_en_Espa%C3%B1a

Enciclopedia de Inmigración Galega

<http://webs.ucm.es/BUCM/tesis//19911996/S/1/S1019001.pdf>

Créditos

© Netex Knowledge Factory S.A. 2020

Contidos licenciados para o proxecto e-dixgal.

Todos os dereitos reservados. Non está permitida a reprodución total ou parcial desta publicación nin o seu tratamento informático, nin a transmisión de ningunha forma ou por calquera medio, xa sexa electrónico, mecánico, por rexistro ou outros medios, sen o permiso previo e por escrito dos titulares do *copyright*.

Os titulares non se responsabilizan da persistencia ou da exactitude dos enderezos URL dos sitios web de terceiros mencionados nesta publicación, nin garante que estes contidos se manteñan, sexan precisos ou axeitados.

Autores dos contidos: Félix Longueira Fafián, Davide Loimil González, Xosé Antón García González.

Asesora didáctica: Susana Vázquez Martínez.

Primeira edición: setembro de 2020.

ISBN: 978-84-122353-5-7